




EXERCICIOS DE APOIO //

» **A/** No cadro anexo, substitúe as interrogacións [?] polos termos acaídos que correspondan.



» **B/** VERDADEIRO OU FALSO


| ENUNCIADO DAS FRASES | V ou F |
|--|--------|
| 1- O virus da gripe é un virus envolto | |
| 2- O ciclo lítico dun bacteriófago é o seu ciclo reprodutor | |
| 3- Na retrotranscrición intervéñ a enzima ADN-polimerase | |
| 4- As bacterias que teñen forma esférica chámanse bacilos | |
| 5- As bacterias saprófitas desenvolven a súa vida no medio interno dos organismos parasitados | |
| 6- Os plásmidos son pequenas moléculas de ADN que presentan algunhas bacterias | |
| 7- Moitas arqueobacterias son organismos extremófilos | |
| 8- Os esporozoos son microalgas que forman esporas | |
| 9- A micorriza fórmase cando un fungo se asocia simbioticamente coas raíces dunha planta | |
| 10- A mineralización permite aos microorganismos transformar materia mineral en materia orgánica | |

» **C/** ERROS NO TEXTO

Descubre e rectifica dous erros que aparecen neste texto:

Os prións son axentes infecciosos constituídos por glúcidos, son microorganismos e carecen de material xenético. Os prións son quen de producir certas doenzas neurodixenerativas no sistema nervioso central (SNC) dos mamíferos denominadas encefalopatías esponxiformes transmisíbeis (EET).

►D/ No cadro de embaixo, substitúe as interrogacións [?] polos termos acaídos que correspondan.



►E/ COMPLETAR UNHA FRASE

► Completa os espazos baleiros de xeito que a frase colla sentido e sexa correcta.


Cando se traballa con xenes de interese de organismos eucariotas, e estes se queren inserir en bacterias para conseguir as proteínas que se procuran, aparece o problema dos (1) _____ pois as (2) _____ non presentan mecanismos para a súa (3) _____.

Este problema resolveuno a tecnoloxía do ADN (4) _____ (____) que permite, utilizando a (5) _____, producir unha molécula de ADN partindo dun ARNm, deste xeito obtense ADN sen (6) _____.

SOLUCIÓNS

EXERCICIOS DE APOIO

► **A/** No cadro anexo, substitúe as interrogacións [?] polos termos acaídos que correspondan.



► **B/** VERDADEIRO OU FALSO


| ENUNCIADO DAS FRASES | V ou F |
|--|--------|
| 1- O virus da gripe é un virus envolto | V |
| 2- O ciclo lítico dun bacteriófago é o seu ciclo reprodutor | V |
| 3- Na retrotranscrición intervén a enzima ADN-polimerase | F |
| 4- As bacterias que teñen forma esférica chámanse bacilos | F |
| 5- As bacterias saprófitas desenvolven a súa vida no medio interno dos organismos parasitados | F |
| 6- Os plásmidos son pequenas moléculas de ADN que presentan algunhas bacterias | V |
| 7- Moitas arqueobacterias son organismos extremófilos | V |
| 8- Os esporozoos son microalgas que forman esporas | F |
| 9- A micorriza fórmase cando un fungo se asocia simbioticamente coas raíces dunha planta | V |
| 10- A mineralización permite aos microorganismos transformar materia mineral en materia orgánica | F |

► **C/** ERROS NO TEXTO

Descubre e rectifica dous erros que aparecen neste texto:

Os prións son axentes infecciosos constituídos por proteínas, non son microorganismos e carecen de material xenético. Os prións son quen de producir certas doenzas neurodexenerativas no sistema nervioso central (SNC) dos mamíferos denominadas encefalopatías esponxiformes transmisíbeis (EET).

►D/ No cadro de embaixo, substitúe as interrogacións [?] polos termos acaídos que correspondan.



►E/ COMPLETAR UNHA FRASE

► Completa os espazos baleiros de xeito que a frase colla sentido e sexa correcta.

Cando se traballa con xenes de interese de organismos eucariotas, e estes se queren inserir en bacterias para conseguir as proteínas que se procuran, aparece o problema dos (1) **intróns** pois as (2) **bacterias** non presentan mecanismos para a súa (3) **eliminación**.

Este problema resolveuno a tecnoloxía do ADN (4) **complementario (ADNc)** que permite, utilizando a (5) **retrotranscritase**, producir unha molécula de ADN partindo dun ARN mensaxeiro (ARNm), deste xeito obtense ADN sen (6) **intróns**.